

TAKIJI KOBAYASHI

O caranguexeiro

Traducido por Gabriel Álvarez Martínez



Hugin e Munin

1

—Eh, imos para o inferno!

Estaban os dous apoiados na varanda da cuberta ollando como a cidade de Hakodate, estarricada coma un caracol, abrazaba o mar. Un dos mariñeiros cuspiu o cigarro que consumira até a punta dos dedos. Dun xeito cómico, a cabicha revirou varias veces no ar e caeu rasando o alto costado do barco. Aquel home fedía a alcol.

Vapores con boa parte do bandullo vermello sobrenadando na auga; outros en plena estiba, ben escorados, coma se lles turrasen por unha manga dende o mar; chemineas gordas e amarelas, boias semellantes a grandes cascabeis, lanchas a fervellaren afanosamente entre os barcos coma percebellas, ondas frías e rumorosas que confeccionaban unha sorte de tecido especial no cal fluíaban feluxe, restos de pan, froita podre... Coa brisa, o fume ondulaba a rente das vagas espallando un cheiro sufocante a carbón. Ás veces, viaxando a través das ondas, resoaba preto o triquetraque dun cabrestante.

Xusto en fronte deste barco factoría, de nome Hakkō Maru, fondeara un veleiro de pintura desgastada coa cadea da áncora a pendurar deses buracos

na proa semellantes ás ventas dun boi. Dous estranxeiros con cachimba na boca desfilaban xuntos polo convés, coma autómatas. Debía ser un barco ruso. Probablemente un patrulleiro encargado de vixiar os caranguexeiros xaponeses.

—Xa non me resta nin un can... Merda! Mira.

O mariñeiro moveuse para un lado. Agarrou a man do compañeiro e levouna ao seu cadril. Entón apertouna contra o bolso do pantalón de pana que levaba por baixo do *hanten*¹. Parecía que dentro había unha caixa.

O compañeiro fitouno en silencio.

—Hi, hi, hi, hi... —riu—. Son *hanafuda*².

Na cuberta dos botes, o capitán fumaba mentres paseaba con aires de xeneral. Non ben saía do nariz, o fume dobrábase en ángulo agudo e espaxíase. A tripulación, atarefada, arrastraba polo piso as *zōri*³ de madeira en tanto entraba e saía nos camarotes de proa cargada con caldeiros de comida. Xa estaba todo listo para desatracar.

Ao espreitaren o rancho dos grumetes dende o zapón, os dous mariñeiros viron como os rapaces armaban barullo no fondo penumbroso das súas liteiras, asomando a face coma nun niño de paxaros. Eran todos rapaces de catorce e quince anos.

—Ti de onde es?

—De ***.

Igual ca o resto. Nenos dos barrios pobres de Hako-date. Por iso se xuntaran no mesmo grupo.

—E as liteiras de aló?

—De Nanbu.

¹Chaqueta curta amplamente usada por traballadores na época.

²Xogo de corenta e oito cartas decoradas con motivos que representan os meses do ano.

³Sandalias tradicionalmente feitas de palla con dúas tiras que suxeitan o pé.

—Esas?

—De Akita.

Cada rexión tiña o seu bloque de liteiras.

—De que parte de Akita?

—Do norte —dixo un rapaz cunha moqueira de aspecto purulento e coas pálpebras caídas coma se puxase por elas para abaixo co dedo.

—Sodes labregos?

—Somos.

O ambiente estaba cargado e había un cheiro acre, como a froita podre, ao cal se sumaba o fedor a merda que desprendían as ducias de barrís de verdura en salmoira almacenados na estancia contigua.

—Despois ha vir o papaíño por aquí para vos coller no colo.

O mariñeiro soltou unha gargallada.

Nun canto sombrizo, unha nai con ar de xornaleira que vestía un *hanten*, unhas calzas longas e un pano triangular atado á cabeza mondaba unha mazá e dáballa de comer a un rapaz deitado de bruzos na liteira. Ela mastigaba a tira en espiral da tona sen perder de vista o fillo. Ás veces faláballe ou desfacía o vurullo pouzado a carón do rapaz e volvía atalo. Coma ela, había sete ou oito máis. De cando en vez, os nenos procedentes do interior⁴ aos que ninguén viñera despedir lanzábanlles olladas furtivas.

Unha muller co cabelo e o corpo empoeirados de cemento tirou caramelos dunha caixa e ofreceulle dous a cada rapaz que andaba por alí.

—Levádevos ben co meu Kenkichi, si?

⁴O termo *naichi* ou «terras interiores» refírese ao Xapón central (principalmente á illa de Honshū) en relación aos territorios «periféricos» de Hokkaidō e do arquipélago das Ryūkyū ou ás antigas colonias.

